



XUNTA
DE GALICIA

ABORDAXE DO CONSENTIMENTO SEXUAL EN XOVES UNIVERSITARIOS: O CASO DA RETIRADA DE CONSETEMENTO OU DO CONSETEMENTO PARCIAL

MEMORIA FINAL CIENTIFICO-TÉCNICA

Investigadora Principal: Dolores Seijo Martínez

Convenio de Colaboración entre Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para el desarrollo de medidas del Pacto de Estado contra la Violencia de Género 2024.

MEMORIA FINAL CIENTIFICO-TÉCNICA

ABORDAXE DO CONSENTIMENTO SEXUAL EN XOVES UNIVERSITARIOS: O CASO DA RETIRADA DE CONSENTEMENTO OU DO CONSENTEMENTO PARCIAL

EQUIPO DE INVESTIGACIÓN:

- **Dolores Seijo Martínez**
- **Ramón Arce Fernández**
- **Mercedes Novo Pérez**
- **Manuel Vilariño Vázquez**
- **Verónica Marcos Martínez**
- **Ricardo Fandiño Pascual**
- **Blanca Cea Ríos**
- **Álvaro Montes Campos**
- **Sergio Guntin Mareque**
- **María Villarquide Insua**
- **Zeinab Aares**

INDICE

1.	INTRODUCCIÓN.	4
2.	ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E CRONOGRAMA.	12
3.	MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS EMPREGADOS.	14
4.	METODOLOXÍA E RESULTADOS DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.	14
4.1.	Estudo cuantitativo sobre percepción da violencia sexual e o consentimento para manter relacións sexuais.	14
4.2.	Estudo cualitativo baseado en grupos de discusión de universitarios sobre o consentimento para manter relacións sexuais.	18
4.3.	Estudo sobre consentimiento sexual como manifestación libre.	22
4.4.	III Xornada do grupo de traballo interdisciplinar de expertos e expertas en violencia sexual.	25
5.	CONCLUSIONS XERAIS SOBRE OS ESTUDOS DO PROXECTO.	27
6.	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.	30
7.	ANEXOS	36
	Anexo 1. Entidades participantes en la jornada de trabajo.	36
	Anexo 2. Presentación da III xornada interprofesional sobre consentemento sexual.	37
	Anexo 3. Cartel da III xornada interprofesional sobre consentemento sexual.	40
	Anexo 4. Díptico da III xornada interprofesional sobre consentemento sexual.	41
	Anexo 5. Escala de valoración para panel de expertos sobre elementos para la prevención de la violencia sexual.	43
8.	AGRADECEMENTOS, PECHE E SINATURA	83

3. INTRODUCCIÓN.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a violencia sexual (VS) coma calquera acto sexual, intento de obter acto sexual e outro acto dirixido contra a sexualidade dunha persoa utilizando coerción, mediante calquera persoa, independentemente da súa relación coa vítima e en calquera entorno (OMS, 2002) e o Centro de Control e Prevención de Enfermidades (Center for Disease Control and Prevention [CDC], 2016) concíbea como unha actividade sexual sen libre consentimento ou cando a vítima non pode dálo, corroborando que afecta desproporcionadamente ás mulleres e grupos étnicos minoritarios. En termos de vitimización a VS é considerada como unha das formas máis graves de violencia, que vulnera liberdades e dereitos fundamentais das persoas (Organización de Nacións Unidas [ONU], 2010), entendida coma unha problemática social e de saúde pública (OMS, 2002) debido á súa influencia e impacto negativo nas vítimas (ex., consecuencias como síntomas depresivos, ansiosos, postraumáticos e obsesivo-compulsivo) sendo as **mulleres adolescentes e xoves** máis proclives para experimentar vitimización (i.e., Marcos et al., 2023; Sanz et al., 2024). Nestas variables contextualizaranse os seguintes epígrafes:

- a. **Especial risco de violencia sexual en poboación universitaria.** Atendendo ás cifras, nos últimos anos, produciuse un incremento preocupante nos delitos contra a liberdade sexual (Ministerio do Interior, 2023), informando en 2023 un total de 21825 feitos coñecidos rexistrados, dos cales 924 producíronse en Galicia. Segundo a Macroenquisa de Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdad, 2020) o 12.4% das mulleres que teñen sufrido violencia sexual fóra da parella. Estes datos poden ser especialmente máis relevantes cando falamos de poboación xove e universitaria, dato constatado en estudos anglosaxons (i.e., Anderson et al., 2021; Cantor et al., 2015; Jeffrey y Barata, 2021), en China (Wong et al., 2021) en España (Llano-Suárez et al., 2023) e mesmo en Galicia (Blanco et al., 2022). En concreto o estudo levado por Blanco et al. (2022), cunha mostra de 871 estudantes universitarias da Universidade de Santiago de Compostela, examina a prevalencia das diferentes formas de agresión sexual, encontrándose que o 22.3% dos participantes sufrira contacto sexual non desexado, o 8.8% intentou coerción, o 6.5% coerción, o 10.4% un intento de violación e o 7.9% unha violación (sendo a experiencia máis grave para estes estudantes). En canto ao autor do delito, atópase que

foi un compañeiro de estudos nun 15.8% dos casos, un membro do persoal da universidade no 2% dos casos, sinalado coma “outro” no 75.6% dos casos. Un 6.6% adicional dos casos involucraron a múltiples tipos de agresores. Sobre o xénero, mostrase que o agresor era home no 99.5% dos casos. Respecto ao lugar dos feitos, o estudo reflicte que as agresións producíronse fóra da universidade no 83.2% dos casos, mentres que o 10.7% dos casos tiveron lugar no campus ou en actividades propias da universidade e o 6.1% dos casos en contextos diversos.

Ao fío da prevalencia da violencia sexual na poboación universitaria, estas cifras son moi altas, pero aínda se estima que a prevalencia real destes delitos poida ser maior. Neste sentido, sinalar que o Instituto Nacional de Estadística (INE), en 2022 contabilizou 3785 persoas condeadas por delitos sexuais mentres que o Ministerio de Interior rexistrou un total de 19013 delitos sexuais, o que reflicta unha diferenza de 15228 casos (GeoViolenciaSexual, 2023). Estímase que so un 21.7% das mulleres que sofren algunha forma de violencia sexual proceden a denunciála (Ministerio de Igualdad, 2020) constituíndo a denominada cifra negra, referíndose aos feitos que permanecen ocultos non chegando ao coñecemento da autoridade xudicial e quedando fora do rexistro público. Esta situación reflicte claramente a necesidade de pomen en marcha acción de prevención que resulten efectivas. Para isto resulta de interese avaliar outras condutas sociais nos xoves tales como solicitar e prestar axuda, así como os estilos de comunicación sexual que posúen os mozos universitarios (Banyard et al., 2014; Gómez-Puúdo et al., 2024).

A poboación universitaria convértese, segundo a literatura, nun grupo de alto risco para a violencia sexual (i.e., Anyadike-Danes et al, 2022, 2024) debido á propia contorna universitaria, que contribúe á perpetuación deste fenómeno social caracterizado por “Características inclúen a masculinidade como consecuencia da socialización en grupos de pares, a participación en actividades grupais, a identificación grupal, o consumo de alcol, o consumo de pornografía, unha maior segregación de xénero e un maior desexo sexual” (Boateng et al., 2023, p. 4). Contexto no que a inxesta de alcol preséntase xunto coa vida nocturna como unha contorna proclive á práctica de sexo de risco (Isorna et al., 2015; Thompson et al., 2015). Por este motivo, como sinalan algúns autores (i. e., Anderson et al.,

2021; Zahle, 2021) sería de interese proporcionar estudos de corte cualitativa (grupos de discusión, grupos focales,...), que poden utilizarse para apoiar os datos cuantitativos. O estudo desenvolvido por Seijo et al. (2024) en estudantes universitarios presenta limitacións metodolóxicas en canto a un posible sesgo muestral (maioritariamente participaron mulleres) así como no relativo a certas titulacións (maioritariamente os participantes estaban vinculados a titulacións de ciencias sociais) considerando os autores a necesidade de ampliar a mostra de participantes a fin de poder acadar resultados mais xeneralizables (Martínez-Souto et al., 2024; Miranda et al., 2024; Sanmarco et al., 2024, Seijo et al., 2024).

- b. Concepto de consentemento sexual e dimensións interna e externa do consentemento.** A Lei Orgánica [LO] 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral a liberdade sexual, introduce a clave do consentemento, entendendo por tal a manifestación libre mediante actos que, en atención ás circunstancias do caso, expresen de maneira clara a vontade da persoa. Introdúcense outros elementos como a submisión química que anularía a vontade da vítima (non sendo quen esta de outorgar o consentemento). En suma, na actualidade o consentemento, así como as circunstancias na que este se outorga, pasa a ser un elemento clave para entender un acto como violencia sexual. Esta circunstancia pasa a ser inhibidora, en moitas ocasións, da denuncia dos feitos por parte das vítimas. Deste xeito ao medo e os sentimentos de vergoña que con frecuencia presentan as mulleres vítimas, se suma a barreira xudicial, cando existen dificultades na tipificación dos feitos (consentemento vs non-consentemento/retirada de consentemento; consentemento parcial), que obstaculizan que moitas mulleres cheguen a denunciar os feitos.

No ámbito científico non existe un consenso á hora de definir o consentemento sexual. Xeralmente, se conceptualiza como a vontade discrecional, sobria e consciente de participar nun acto sexual particular cunha persoa en concreto, dentro dun contexto particular (Willis e Jozkowski, 2019). Pola súa banda, Hickman e Muehlenhard (1999), definírono como a comunicación verbal ou non verbal libre de sentimentos de vontade de participar nunha actividade sexual. Estas autoras estableceron que o consentemento sexual abarca tanto o aspecto mental como o físico, é dicir, sosteñen que existe un elemento interno (vontade) e un elemento externo (expresión e resposta física). A pesar da diverxencia de opinións dos autores referentes na materia, toda as concepcións chegan á conclusión de que o consentemento sexual é un

elemento esencial para diferenciar e recoñecer unha relación sexual que foi consensuada ou, pola contra, unha agresión sexual (De la Torre Laso, 2023). A disparidade de perspectivas con respecto á definición e a forma de entender o consentimento sexual xera a necesidade de crear instrumentos de medida. Jozkowski et al. (2014b) expoñen que o consentimento sexual pode comprenderse e analizarse de forma interna e/o externa. Para estas autoras o consentimento interno comprende múltiples “sentimentos”, como a vontade, a seguridade, a preparación e o acordo, mentres que, o consentimento externo inclúe as formas en que unha persoa “comunica” a súa vontade de participar na actividade sexual, isto é, unha variedade de sinais explícitos e implícitos que utiliza a persoa para expresar a súa vontade ou acordo de participar nun comportamento sexual. En relación coa medición do consentimento, as autoras desenvolveron dúas escalas. Para medir o consentimento interno crearon a Escala de Consentimento Interno [Internal Consent Scale, ICS, polas súas siglas en inglés], conformada por 25 ítems agrupados en cinco factores: a) resposta física (excitación física tal como ritmo cardíaco acelerado), b) seguridade e comodidade (protección, comodidade), c) excitación (sentimentos de excitación), d) acordo / desexo (sentimentos de acordo), e) preparación (estar listo para o sexo, seguro ou disposto). Para medir o consentimento externo, elaboraron a Escala de Consentimento Externo [External Consent Scale, ECS, polas súas siglas en inglés] (Jozkowski et al., 2014b), integrada por 18 ítems agrupados en cinco factores: a) condutas non verbais (quitarse a roupa, aumento do contacto físico), b) condutas pasivas (non dicir que non, corresponder ao avance, non resistirse), c) comunicación/iniciador (sinais directos como preguntar, ou dar pistas como conseguir un condón), d) presión límite (realizar condutas como pechar a porta, ir a algún lugar privado), e e) sinais de non resposta (non participar de forma específica, deixar que simplemente ocorra). Todo o sinalado conduciu ao desenvolvemento de diversas investigacións e avances neste campo. Como apuntan Irizarry-Rodríguez et al. (2022), as actitudes cara ao consentimento sexual teñen un papel importante entre a distinción da comunicación sexual saudable e a violencia. Neste sentido, Hickman e Muehlenhard (1999) analizaron a comunicación do consentimento sexual na poboación universitaria. Este estudo permitiulles identificar as diversas categorías de sinais utilizados na manifestación e interpretación do consentimento, estas son: sinais verbais directos, verbais indirectas, non verbais directas, non verbais indirectas

e de non resposta; sendo as máis frecuentes entre a poboación obxecto de estudo as non verbais (e.g. achegamento corporal, responder positivamente o contacto). Así mesmo, descubriron que, entre o alumnado universitario, o feito de non resistirse aos avances das súas parellas sexuais era en si mesma un sinal e unha forma de comunicar consentimento. Seguindo a mesma liña de investigación, Jozkowski et al. (2014a) atoparon, tendo en conta a variable sexo, que os homes universitarios xeralmente informaban do consentimento recorrendo a sinais non verbais, mentres que, as mulleres, recorrían aos sinais verbais con maior frecuencia. Jozkowski et al. (2018) tomando en consideración as variables contextuais, puideron evidenciar as crenzas da poboación universitaria con respecto ao consentimento sexual, posto que os homes adoitan interpretar o consentimento como algo que ocorre en contornas sociais, mentres que as mulleres tenden a concibir os sinais como parte dun proceso máis amplo, incluíndo, ademais, os sinais que ocorren en contornas privadas. Deste xeito, as persoas participantes mostraron que o consentimento en contornas sociais realízase a través da comunicación implícita e non verbal, isto é: mediante contacto visual, linguaxe corporal (e.g., tocarse os brazos, o pelo, a cara) e o coqueteo. Así mesmo, tamén referiron o emprego doutros sinais para afirmar consentimento como, por exemplo, iniciar ou non rexeitar a proximidade ou a iniciativa de bicarse (Jozkowski et al., 2018). A conclusión xeral que se extrae destas investigacións é que o alumnado universitario toma como referencia diversas sinais verbais e non verbais para a interpretación do consentimento. Con todo, unha mala comunicación podería levar a malinterpretar devandito consentimento (Jozkowski et al., 2018). Recentemente, Moyano et al. (2025) acharon que, en relación co consentimento externo, cando as relacións sexuais son consentidas, as mulleres indicaron un maior uso de todos os sinais, isto é, desde a conduta de comunicación ou iniciación ata as condutas non verbais. Doutra banda, aquelas que experimentaron relacións sexuais non consentidas informaron de respostas fisiolóxicas máis baixas de excitación, menor seguridade / comodidade, así como un desexo e unha disposición máis baixos, en comparación con aquelas que mantiveron relacións sexuais consentidas. A maiores, aquelas que experimentaron sexo non consensual nunha contorna descoñecida informaron sentirse menos seguras e preparadas (Moyano et al., 2025). O estudo desenvolvido por Seijo et al. (2024) conclúe ao comparar os resultados obtidos das frecuencias dos ítems pertencentes aos factores do consentimento interno

e externo, unha serie de similitudes e diferenzas con respecto a estudos anteriores. En canto ao consentimento interno, para o factor de Resposta Física, o ítem que o representa é *erección*, o cal atopan como o segundo máis recoñecido dentro dese factor. Respecto ao factor Seguridade/comodidade, atopouse que *sentín con respecto* é o máis identificado. Con todo, o que se utilizou como representación (*síntome cómodo*), está en terceiro lugar. Co factor Excitación ocorre o mesmo, o que atopan debaixo do límite é o máis recoñecido e, o que se utilizou como representación é o segundo máis identificado. No factor Consentimento/deseo atópase que o ítem que o representa é o menos identificado no estudo. Por último, no factor de preparación, o ítem que o representa coincide co que os participantes están máis de acordo. En canto ao consentimento externo, os resultados van na mesma dirección ao apuntado noutros estudos (Jozkowski e Peterson, 2013; Jozkowski et al., 2014) coincidindo en que o factor que máis se informa é Condutas non verbais directas e Condutas pasivas (Martínez-Souto et al., 2024; Miranda et al., 2024; Sanmarco et al., 2024, Seijo et al., 2024).

As diferenzas entre sexos referidas ao consentimento externo achadas na literatura son varias. No estudo de Seijo et al. (2024) os homes presentaron puntuacións máis altas en Comportamentos sutís e, con todo, as mulleres mostraban unha maior puntuación en Condutas pasivas e Sinais de non resposta, en liña con outros estudos (Jozkowski et al., 2014; Jozkowski e Peterson, 2013). En estudos de pregunta aberta observouse que os homes iniciaban a relación sexual e as mulleres aceptaban ou asentían unha vez eles comezábana ou insinuaban (Jozkowski e Peterson, 2013) os homes comunicaban o seu consentimento a través de sinais non verbais e as mulleres con sinais verbais con maior frecuencia. En canto ao consentimento interno, a maioría dos participantes consideraba que era un acordo ou que ambas as persoas están dispostas. En suma, o feito de poder contar con información cuantitativa e cualitativa é vantaxe debido a que ofrece unha visión máis concreta da definición de consentimento por parte dos participantes. No caso de consentimento interno, foron identificados con maior frecuencia factores diferentes.

Pese aos avances achados nestes estudos, é de interese investigar máis sobre a violencia sexual e poder abarcar máis aspectos que os tratados no estudo de Seijo et al. (2024), por exemplo, analizando a través dos grupos de discusión o debate xerado cando estes están

conformados só por homes-cis ou só por mulleres-cis. Ademais, unha limitación detectada no estudo de Seijo et al. (2024) foi un desequilibrio na composición da mostra, xa que o número de mulleres é bastante superior ao dos homes, así como a pertenza a estudos de ciencias sociais maioritariamente.

- c. Factores relacionados coa interpretación do consentemento sexual.** Existen factores que foron estudados en relación á interpretación de situación como violencia sexual en contextos universitarios, tales como, influencia dos Rape Myths ou mitos sobre a violación (MAS) (i.e., Bannon et al., 2013; Bohner, 1998; Gerger et al., 2007; Sanz et al., 2024; Weis, 2010); conceptualización dunha “cultura da violación” e como aspectos singulares do entorno universitario poden contribuir á súa normalización (i.e., Burnett et al., 2009; Jozkowski et al., 2017, 2018; Sinko et al., 2020); existencia dunha agresión sexual facilitada por drogas (Drug-Facilitated Sexual Assault, DFSA) (i.e., De la Torre Laso, 2023; Gauntlett-Gilbert et al., 2004; Steele e Josephs, 1990; Singh, 2021; Gauntlett-Gilbert et al., 2004) ou a presenza de roles e estereotipos de xénero (i.e., Emmers-Sommer, 2016, Jozkowski e Peterson, 2013).
- d. Consentimento sexual en circunstancias especiais: A retirada do consentimiento ou o consentemento parcial.** Unha conclusión á que chegou o estudo de Seijo et al. (2024) é que, cando se trata de dar unha resposta narrativa exprésase con maior frecuencia un contexto ideal para comunicar o consentimento para ter relacións sexuais. Isto é, o recordo que máis accesible preséntase é o de sinais verbais e, con todo, recoñecen con maior frecuencia o comportamento actitudinal, neste caso os sinais non verbais directas. Doutra banda, identificouse un novo factor na pregunta aberta, o cal trata da Manifestación libre. Decidiuse introducir na análise porque ao observar as respostas dos participantes, estes termos e expresións estaban presentes en numerosas ocasións, sendo o segundo factor que en maior medida se identificou no estudo. Isto último pode deberse á definición que achega do consentimento a lei, referíndose nela á manifestación libre da persoa para manter relacións sexuais. Manifestación que pode ser retirada en calquera momento do acto, pasando a converterse nunha situación de violencia sexual. Esta retirada do consentemento ou o outorgamento dun consentemento para uns actos ou prácticas (por exemplo, o uso do preservativo), pero non para outros, merece un estudo, un debate e una reflexión mais profunda, que debe incluír necesariamente aos operadores

xurídicos. Este debate está de plena actualidade no Parlamento de Europa¹. Os eurodiputados e eurodiputadas defenden a necesidade dunha nova definición de consentimento sexual, específica para os xoves que superan a maioría de idade para dar consentemento sexual. Sinalan neste sentido que as interaccións entre persoas de idade similar baseadas no consentimento non deberían tipificarse como delito, salvo que exista dependencia ou abuso de confianza.

Partindo do estado da cuestión, anteriormente exposto, propónse realizar o presente estudo cos seguintes obxectivos:

- A) Analizar a percepción do estudantado sobre a violencia sexual e o consentimento sexual, así como factores asociados.
- B) Identificar circunstancias complexas en relación ao consentemento sexual, como a retirada do mesmo.

Para a consecución destes obxectivos, propoñemos a elaboración de catro accións:

- a) Estudio sobre a percepción da violencia sexual e do consentimento para manter relacións sexuais en poboación universitaria.
- b) Estudio cualitativo sobre grupos de discusión de estudantes universitarios para coñecer a súa percepción sobre o tema.
- c) Estudio sobre casos identificando situacións complexas de retirada de consentemento ou consentemento parcial.
- d) Unha xornada interdisciplinar de expertos e expertas, con especial participación dos operadores xurídicos (avogacía, xudicatura, fiscalía) e auxiliares da xustiza (psicología forense, forzas e corpos de seguridade, profesionais do CIM, oficinas de atención a vítimas) para analizar, situacións concretas de violencia sexual relacionadas co consentimento, consentimento parcial e a retirada do mesmo.

A continuación, detallamos como se abordou a consecución destes obxectivos.

¹ <https://www.europarl.europa.eu/news/es/press-room/20250613IPR28905/lucha-contra-el-abuso-sexual-de-menores-nuevas-normas-ante-nuevas-tecnologias>

4. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E CRONOGRAMA

O proxecto desenvolveuse desde o mes de xullo de 2025 ata o mes de novembro de 2025. As actividades que se levaron a cabo para acadar os obxectivos, tal e como estaba previsto na solicitude, foron as seguintes:

Actividades 1 e 2 (A1-A2) –Estudo cuantitativo sobre violencia sexual e o consentemento en poboación universitaria.

Trala concesión do proxecto, a coordinadora (Dolores Seijo), xunto cos membros do equipo Verónica Marcos, Ricardo Fandiño, María Villarquide, Zeinab Aares procederon a revisar o deseño e planificar a ampliación da recollida de datos do estudo cuantitativo sobre violencia sexual e consentemento sexual. A finais do mes de outubro, Dolores Seijo, Verónica Marcos xunto co persoal colaborador no proxecto (Lorena Miranda e Martin Pouso), procederon a **elaboración de informe de resultados sobre estudo sobre percepción da violencia sexual e o consentimento para manter relacións sexuais.**

Actividades 3 e 4 (A3-A4) – Estudio sobre consentimento para manter relacións sexuais como manifestación libre.

Centráronse no avance destas actividades a coordinadora (Dolores Seijo) e os membros do equipo Mercedes Novo, Blanca Cea, Sergio Guntin, e o persoal colaborador no proxecto (Lorena Miranda e Martin Pouso).

Actividades 5 e 6 (A5-A6) – Preparación e desenvolvemento da xornada: planificación da invitación a expertos e expertas e a entidades.

Fundamentalmente se centraron no desenvolvemento desta acción Dolores Seijo, Manuel Vilariño, Álvaro Montes, así como os colaboradores no proxecto (Lorena miranda e Martín Pouso).

Actividades 7 y 8 (A7-A8) – Preparación, planificación e deenvolvemento da III Xuntanza do grupo de traballo interdisciplinar de expertos e expertas en violencia sexual: World café (presencial).

Todos os investigadores se centraron no desenvolvemento desta actividade: Dolores Seijo, Ramón Arce, Mercedes Novo, Manuel Vilariño, Ricardo Fandiño, Verónica Marcos, Blanca Cea, Álvaro Montes, Sergio Guntin, María Villarquide e Zeinab Aares. Tamén colaboraron Martín Pouso e Lorena Miranda (persoal colaborador).

Actividade 9 (A9) – Preparación para difusión de resultados (Contribución a congresos, informe de conclusións para divulgar).

Todo o grupo de traballo e persoal colaborador estaría vinculado a esta acción: Dolores Seijo, Ramón Arce, Mercedes Novo, Manuel Vilariño, Ricardo Fandiño, Verónica Marcos, Blanca Cea, Álvaro Montes, Sergio Guntin, María Villarquide, Zeinab Aares. Concretamente se prepararon e difundido os seguintes resultados:

- a) ***Publicación dunha guía sobre consentemento sexual dirixida a poboación universitaria.*** Está pendiente de editarse en futuro.
- b) ***Traballos presentados a congresos.***

Hasta o momento de peche da presente memoria presentáronse 3 comunicacións a congresos de carácter internacional:

1. Martínez-Souto, N., Blanco, L. y **Seijo, D.** (23-25 de octubre de 2025). *Percepción de la violencia y consentimiento sexual en la población universitaria* [Comunicación Oral]. XVI Congreso (Inter)nacional de Psicología Jurídica y Forense, Barcelona, España.
2. Martínez-Souto, N., **Marcos, V. y Villarquide, M.** (23-25 de octubre de 2025). *Una aproximación a la manifestación del consentimiento sexual en la población universitaria* [Comunicación escrita]. XVI Congreso (Inter)Nacional de Psicología Jurídica y Forense. Barcelona, España.
3. **Miranda, L., Cea, B., Montes, A. y Pouso, M.** (26-28 de noviembre de 2025). *El consentimiento sexual: percepción universitaria y desafíos para su tratamiento jurídico* [Comunicación Oral]. X Congreso Iberoamericano de Justicia Terapéutica, Río de Janeiro, Brasil.

5. MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS EMPREGADOS.

En relación ao capital humano involucrado no desenvolvemento do proxecto referímonos ao equipo de investigación solicitante (investigadores/as da Unidade de Psicoloxía Forense da Universidade de Santiago de Compostela, GI-1754) e ao equipo de colaboradores. Deste xeito, o equipo participante no proxecto estivo conformado pola coordinadora, profesora Dolores Seijo, polos profesores Ramón Arce, Mercedes Novo e Manuel Vilariño, e polos investigadores Verónica Marcos, Álvaro Montes, Blanca Cea, María Villarquide, Sergio Guntin e Zeinab Aares. Todas as actividades desenvolvidas estiveron supervisadas por un ou varios investigadores e, en todos os casos, baixo a coordinación da investigadora principal. Ademais, contou co apoio de tres colaboradores, quen recibiron adestramento específico no proxecto e nas súas actividades. Os colaboradores foron Lorena Miranda Iglesias e Martín Pouso Tubío.

4. METODOLOXÍA E RESULTADOS DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.

4.1. Estudo cuantitativo sobre percepción da violencia sexual e o consentimento para manter relacións sexuais

- a. **Participantes:** A mostra total coa que se conta neste estudo é de 959 participantes.
- b. **Procedemento e deseño:** O presente estudo ten un deseño cuasi-experimental. Creouse un cuestionario na aplicación Microsoft Forms onde, de maneira en liña, os participantes responderon a unha enquisa por etapas cunha duración aproximada de entre 10 e 15 minutos. A distribución da ligazón realizouse a través do contacto directo coas persoas interesadas, por redes sociais e mediante unha mostra non probabilística de bola de neve. Así mesmo, dito cuestionario contiña máis cuestións das que contempla este traballo, polo que unicamente afondaremos nas relevantes para este. Antes de iniciar o cuestionario, as persoas debían aceptar ou non a participación e informábaselles sobre o consentimento e a confidencialidade. A continuación, debían responder unha serie de preguntas sociodemográficas, das cales dúas eran preguntas criterio. A primeira era se cursaban unha titulación universitaria, e se respondían negativamente finalizaban o cuestionario. A segunda era se tiñan experiencia sexual previa, o que clasificaba os participantes en dous grupos. Na seguinte fase do cuestionario debían contestar de maneira aberta a dúas preguntas sobre consentimento (como o definían e

comunicaban ás súas parellas sexuais), e se pertencían ao grupo con experiencia sexual, debían indicar o seu grao de acordo cos ítems da escala de Consentimento Interno e Externo. Ambos grupos debían indicar o seu grao de acordo coa escala AMMSA. Por último, unha vez finalizada a enquisa, ofrecíase a posibilidade de achegar algunha suxestión ou comentario e agradecíaase a súa participación.

c. Instrumentos: Aplicáronse os seguintes instrumentos de recollida dos datos:

- Cuestionario ad hoc, a través do que se recolleu a información das características sociodemográficas (sexo, xénero, orientación sexual, idade, titulación actual, universidade, provincia, etc.).

- Para medir o consentimento interno e externo utilizouse a escala Internal and External Consent Scale (Jozkowski et al., 2014), nunha versión en castelán. Esta escala consta de 25 ítems agrupados en 5 factores para a medida do consentimento interno, e de 18 ítems agrupados en 5 factores para a medida do consentimento externo. Pídese ás persoas participantes que indiquen o seu grao de acordo e desacordo con cada ítem nunha escala tipo Likert do 1 ao 7, onde 1 é totalmente en desacordo e 7 totalmente de acordo.

- Para medir a adhesión a mitos empregouse a escala dos mitos modernos sobre as agresións sexuais (AMMSA, Gerger et al., 2007) nunha versión en castelán (Megías et al., 2011). Componse de 30 ítems nunha escala tipo Likert do 1 ao 7, onde 1 é totalmente en desacordo e 7 é totalmente de acordo.

d. Resultados: O presente estudo realizouse co obxectivo de coñecer como define o consentimento a poboación universitaria, así como de que maneira o comunican á súa parella sexual. Deste xeito saberemos se se atopan diferenzas respecto doutros estudos ou non. Os resultados indican:

- Na pregunta cuantitativa de consentimento interno identificouse como máis frecuente o ítem Consinto, seguido de Quero e Desexo, os cales se inclúen no Factor 4 Consentimento/Desexo. En canto ao consentimento externo, atopouse que o ítem máis frecuente era Preliminares, seguido de Coqueteo e Tacto, pertencendo ambos ao Factor 1 Condutas non verbais directas.

- Nas preguntas abertas, contempláronse unha serie de categorías pertencentes á escala de consentimento interno e externo, pero deixouse a posibilidade de descubrir novas. Tras a análise cualitativa atopouse a presenza dun sexto factor de consentimento interno, ao cal se lle denominou Manifestación libre, cos seus respectivos tres ítems Síntome libre, Vontade propia, Sen Coacción. Isto decidiuse debido a que nas respostas cualitativas eran frecuentes referencias a estas afirmacións. Cómpre dicir que dito factor non se preguntou directamente ás persoas participantes. Unha vez codificadas as respostas, atopouse que o factor máis identificado é o cuarto Consentimento/Desexo, así como os seus ítems correspondentes, seguido do sexto.

- Ao comparar os resultados obtidos das frecuencias dos ítems pertencentes aos factores do consentimento interno e externo, atopamos unha serie de similitudes e diferenzas respecto a estudos anteriores. Na investigación realizada por Willis et al. (2021), quixeron validarse os ítems e factores das diferentes escalas e, deste xeito, atopar un ítem suficientemente aceptado polos participantes e expertos para representar cada factor.

- En canto ao consentimento interno, para o factor de Resposta Física, o ítem que o representa é erección, o cal se atopa como o segundo máis recoñecido dentro dese factor no noso estudo. Respecto ao factor Seguridade/confort, atopouse que sentínome con respecto está por debaixo do límite e no noso estudo é o máis identificado. Porén, o que se utilizou como representación (síntome cómodo), no presente estudo está en terceiro lugar.

- Co factor Excitación ocorre o mesmo: o que se atopa por debaixo do límite é o máis recoñecido no actual, e o que se utilizou como representación é o segundo máis identificado. No factor Consentimento/Desexo atopouse que o ítem que o representa é o menos identificado no presente estudo. Por último, no factor de Preparación, o ítem que o representa coincide co que está máis de acordo no traballo actual.

- En canto ao consentimento externo, neste caso utilízanse categorías diferentes, polo que resulta difícil comparalo. Hickman e Muehlenhard (1999) realizaron outro estudo nunha mostra universitaria co obxectivo de saber como reflectían o seu consentimento

cando tiñan experiencia en relacións sexuais con penetración vaxinal (PVI). Atopouse que os participantes adoitan comunicar o seu consentimento ao non resistirse aos avances das súas parellas sexuais (sen resposta). Isto non coincide co estudo actual, debido a que o factor 5 de Consentimento Externo é o que menos frecuencia se identifica.

- Porén, noutros estudos si se atoparon os mesmos resultados que no presente, xa que ambos coinciden en que o factor que máis se informa é Condutas non verbais directas e Condutas pasivas (Jozkowski e Peterson, 2013; Jozkowski et al., 2014).

- Facendo referencia aos resultados das respostas narrativas das persoas participantes, podemos comparalos coa investigación levada a cabo por Jozkowski et al. (2014), xa que utilizaron a pregunta aberta. Atoparon que o consentimento externo se indicaba a través de sinais verbais en maior medida. En canto ao consentimento interno, ante a pregunta de como definían o consentimento, a maioría das persoas participantes consideraba que era un acordo ou que ambas estaban dispostas. Isto coincide co que se atopou no referido ao consentimento externo, porén, no caso do consentimento interno, non se atopou en gran medida que o definisen como unha persoa disposta.

- As diferenzas entre xéneros referidas ao consentimento externo atopadas na literatura son varias. Os homes presentaron puntuacións máis altas en Comportamentos sutís e, porén, as mulleres mostraban unha maior puntuación en Condutas pasivas e Sinais de non resposta (Jozkowski et al., 2014). Seguindo esta liña, en estudos de pregunta aberta observouse que os homes iniciaban a relación sexual e as mulleres aceptaban ou asentían unha vez eles a comezaban ou insinuaban (Jozkowski e Peterson, 2013). En xeral, Jozkowski et al. (2013) atoparon que os homes comunicaban o seu consentimento a través de sinais non verbais e as mulleres con sinais verbais con maior frecuencia.

- A aceptación de mitos é outro dos aspectos do presente estudo, atopándose que o máis aceptado é o primeiro seguido do decimonono. Tras a validación española da AMMSA (Megías et al., 2011), atopouse que o mito asumido en maior medida era o primeiro, coincidindo co dito anteriormente. Porén, na investigación actual, o resto deles non son aceptados de maneira significativa. Isto pode deberse a que os mitos quedaron obsoletos

polos avances nos últimos anos, así como polas campañas de sensibilización e formación no ámbito da igualdade entre xéneros.

4.2. Estudo cualitativo baseado en grupos de discusión de universitarios sobre o consentimento para manter relacións sexuais.

a. **Participantes:** Para este estudo conformáronse grupos de discusión de estudantes universitarios para coñecer a súa percepción sobre o tema. Configuráronse en total 26 grupos de discusión, implicando a 141 mulleres e a 67 homes. Deste total, 11 foron grupos mixtos (de homes e mulleres), 68 mulleres e 24 homes, e 15 foron grupos puros, que implicaron a 73 mulleres e 43 homes.

b. **Cuestións a debate:** Os grupos de discusión debateron arredor de seis cuestións:

- Que entendedes por consentimento sexual?
- Como se manifesta este consentimento para manter relacións sexuais?
- Que situacións problemáticas ou de risco poderían xurdir en relación co consentimento?
- No caso de atoparte nunha situación de risco, como solicitarías axuda?
- No caso de observar unha situación de risco, como poderías axudar a alguén se detectas ti unha situación de risco?
- De que maneira se poden prever situacións problemáticas en relación co consentimento?

c. **Resultados:** Comentaranse os resultados en cada unha das preguntas, diferenciando as respostas de mulleres e homes en grupos homoxéneos e dos grupos heteroxéneos en canto ao sexo.

Que entenden por consentimento sexual?

- Grupos homoxéneos formados por varóns: Querer (14); Acordo (13); Comodidade (11); Temporalidade (10): O consentimento abarca actos e tempos concretos (“Como o consentimento pode variar ao longo do tempo, ao longo do día, así estivemos as dúas persoas durante todo o día e o planeáramos desde a mañá ata chegar á noite nunha festa, pode que nese lapso de tempo cambie”) VS. Consentimento como un continuum:

Mantido no tempo (“O sexa que se non hai un rexeitamento, enténdese que segue habendo consentimento”).

- Grupos homoxéneos formados por mulleres: Comodidade (37); Querer (29); Acordo (12); Expreso (8).
- Grupos heteroxéneos: Comodidade (22); Acordo (11); Permiso (8); Vontade (8).

Como se manifesta este consentimento para manter relacións sexuais?

- Grupos homoxéneos formados por varóns: Comunicación verbal (38) vs. Comunicación non verbal (51) (ex. xestos). Mencionan en maior medida a comunicación non verbal. Imposición de límites (5): “Esa parte antes de invadir o consentimento da outra debería preguntar, saber que límites se poden poñer e que límites se poden traspasar”. Manifestación escrita (4): Unha parte considéraa como outra forma de manifestación, mentres que a maioría a consideran unha manifestación non válida xa que contemplan o cambio de opinión.
- Grupos homoxéneos formados por mulleres: Comunicación verbal (47) vs. Comunicación non verbal (83) (ex. tocamentos, bicos e xestos). Mencionan en maior medida a comunicación non verbal. Bailar como consentimento (10). Equiparación de amabilidade a consentimento (5).
- Grupos heteroxéneos: Comunicación verbal (20) vs. Comunicación non verbal (104).

Que situacións problemáticas poderían xurdir en relación co consentimento?

Considerades que existen situacións/circunstancias de especial risco?

- Grupos homoxéneos formados por varóns:
 - Situacionais (125): O cambio de opinión é percibido como unha situación probable e problemática, pero que se pode ver afectada polos seguintes factores:
 - Identifican o lecer nocturno como un factor de risco situacional que implica o consumo de alcohol e drogas e que, por ende, dificulta a conciencia ou a capacidade para manifestar o consentimento sexual.

- Consentimento sexual en RRSS: unha parte considera que é necesario reafirmalo e outra parte considera que prevalece.
- Ámbito privado: dificultade para saír dunha situación de risco.
- Sociais (88): Os roles de xénero son manifestados como que a muller representa o rol pasivo fronte ao home como rol activo.
- Pornografía como influencia dunha ficción caracterizada pola violencia que non se equipara coa realidade como fonte de educación sexual, sobre todo para os máis novos.
- Expectativas de parella: por un lado, non consideran que o feito de estar en parella implique consentimento; por outro, a gran maioría identifica esta situación como que supón satisfacer á túa parella sexualmente sen cuestionar o consentimento.
- Script sexual: perciben un esquema de continuidade cando se manifesta o consentimento de forma afirmativa, verbal e non verbal.
- Individuais (74):
- Idade: as persoas de menor idade ou máis novas identifícanse como máis vulnerables á hora de expresar ou interpretar o consentimento sexual, por cuestións de madurez.
- Diferenza de idade: relación asimétrica en función da idade na que a lexitimidade do consentimento se ve afectada.
- Experiencia sexual: a falta de experiencia sexual percíbese como proclive a unha maior presión social e menor coñecemento arredor do consentimento sexual.
- Relacionais (17):
- Distinción coñecido-descoñecido: partidarios sobre a facilidade de estar cun coñecido ou descoñecido á hora de manifestar o consentimento ou cambiar de opinión.
- Abuso de poder: cando hai un desequilibrio entre as dúas partes, xa sexa por idade, situación laboral ou económica.
 - Grupos homoxéneos formados por mulleres:
- Situacionais (212): Lecer nocturno vinculado ao consumo de alcohol e drogas; cambio de opinión; dificultade para saír.
- Sociais (276): Roles de xénero; pornografía; expectativas de parella; influencia do cine.

- Individuais (138): Idade; diferenza de idade; madurez; experiencia sexual.
- Relacionais (84): Abuso de poder; distinción coñecido-descoñecido; descoñecido.
 - Grupos heteroxéneos:
- Situacionais (168): Alcohol e outras drogas e lecer nocturno; cambio de opinión; dificultade para saír.
- Sociais (188): Expectativas de parella; pornografía; insistencia masculina; roles de xénero.
- Individuais (96): Diferenza de idade; sexo; idade; experiencia sexual.
- Relacionais (65): Distinción coñecido-descoñecido; abuso de poder; descoñecido.

En caso de atoparte nunha situación de risco, como solicitarías axuda?

- Grupos homoxéneos formados por varóns: Tendencia á procura de apoio social mediante o círculo próximo, especialmente amigos, ou recorrendo a terceiros, como pode ser persoal de seguridade de discotecas (25). Afastarse, saír fisicamente desa situación problemática (7). Denuncia (4). Intervención violenta, empregarían o uso da violencia para poder saír de aí (3).
- Grupos homoxéneos formados por mulleres: Círculo próximo (37). Afastarse (35). Bloqueo (17). Preferencia por axuda feminina (13). Valor da presenza masculina (13).
- Grupos heteroxéneos: Recorrer ao círculo próximo (40). Afastarse (32). Recorrer á protección masculina (28). Recorrer a persoal de seguridade (19). Preferencia por axuda feminina.

En caso de observar unha situación de risco, como poderías axudar a alguén se detectas ti unha situación de risco?

- Grupos homoxéneos formados por varóns: Intervención policial, chamar á policía (19). Intervención proactiva, visualización como axentes activos (16). Ausencia de axuda, identifican risco á hora de prestar axuda que conduce a conflito (“Si, porque logo ao final búscaste un problema ou incluso un problema cos dous”) (7).

- Grupos homoxéneos formados por mulleres: Afastarse (35). Intervención proactiva (27). Intervención policial (22). Risco de prestar axuda → ausencia de axuda (11).
- Grupos heteroxéneos: Afastarse (32). Actuación proactiva (28). Ausencia de axuda (13). Actuación policial (12).
 - Grupos homoxéneos formados por varóns: Identifican a educación afectivo-sexual (52) como unha necesidade debido á influencia da pornografía, á ineficacia das charlas escolares (19) e ao feito de que o sexo continúa a ser tabú (7). Necesidade por parte das familias e dos centros escolares como medios de prevención en valores como a empatía (13). Educación enfocada na prevención feminina, que as mulleres sexan precavidas (ex. “non irse con descoñecidos”, “se é unha vítima ensinar o papel de dicir que non”) (3). Concienciación a través dos mass media (televisión, cine e música) (4).

4.3. Estudo sobre consentimento sexual como manifestación libre.

- **Participantes:** Participaron neste estudio **178 persoas**.

- **Procedemento.** A enquisa tiña coma finalidade coñecer a percepción das persoas sobre se diferentes situacións constituían unha situación de violencia sexual, se se podería denunciar e se era un delito. Para iso a enquisa, ademais de preguntar sobre cuestións sociodemográficas (idade, sexo, xénero, ocupación, formación), presentáballe a cada participante de forma aleatoria un dos posibles cinco supostos. Estes supostos versaban sobre situacións de retirada de consentimento, con conductas máis ou menos violentas, en situacións de parella ou non, e en relacións heterosexuais ou homosexuais. Unha vez que as persoas lían o suposto tiñan que contestar se consideraban a situación coma de violencia sexual e a gravidade da mesma nunha escala do 1 ao 7. A continuación, se lles preguntaba que farían se se viran nesa situación (sendo a presunta vítima), como se podería solucionar, se se podería denunciar, se o consideraban un delito e explicaran porque si ou porque non, e finalmente que como podería actuar o sistema de xustiza ante unha denuncia coma esta. Para rematar a enquisa tiñan unha pregunta sobre se lles xerou algún tipo de malestar, explicando cal se dicían que si, e unha última aberta sobre se querían propoñer algunha suxestión ou comentario.

- **Resultados:** En base a isto, os resultados obtidos ata o de agora mostran que as persoas participantes se identifican maioritariamente coma mulleres cis, con xénero feminino e heterosexuais (90), seguidas de homes cis, con xénero masculino e heterosexuais (37), mulleres cis, con xénero feminino e bisexuais (19), mulleres cis, con xénero feminino e homosexuais (11), homes cis, con xénero masculino e bisexuais (2), homes cis, con xénero masculino e homosexuais (1), mulleres cis, con xénero fluido e homosexual (1), persoa non binarie, con xénero fluido e pansexual (1) e persoa non binarie, con axénero e bisexual (1). Cunha idade comprendida entre os 17 e os 65 anos, sendo a media de 30 anos e a moda de 18 anos, debido a isto a formación maioritaria alcanzada é de bacharelato seguida de grao, e a meirande parte están estudando. Finalmente 64 persoas, ao redor do 40%, afirman ter recibido algunha formación en violencia sexual.

En canto aos supostos, imos centrar os datos en canto o contido dos mesmos:

- O suposto sobre unha relación de parella estable cunha posible situación de violencia sexual (non uso de preservativo sen consentimento/comunicación) o 25% pensa que non é unha situación de violencia sexual, e que é unha situación grave no 82,5%, sendo extremadamente grave no 52,5% dos casos. Ante a situación maioritariamente din que o falarían ca outra persoa e que cesarían a relación, especialmente se non consideran a gravidade da situación, e tamén falan de sentimentos de enfado, ira, medo, entre outros. En canto a coma se podería solucionar din que falando ca persoa, tanto antes, despois coma no momento, e co cese da relación. En canto se a situación se podería denunciar o 55% di que si mentres que o 45% di que non, e se a situación é ou non un delito o 50% di que si xa que é unha situación con falta de consentimento, e o outro 50% que non xa que a relación en si é consentida, que a responsabilidade a teñen ambas persoas, que pode ser un despiste, ou argumentos similares.
- No resto de supostos no que se presenta unha situación de retirada de consentimento, con maior ou menor violencia, e con relacións heterosexuais ou homosexuais, os resultados se poden agrupar debido a similitude das respostas. Concretamente temos que tódalas persoas consideran que son situacións de violencia sexual, independentemente do suposto concreto, e que a situación é grave no 95%, sendo

